

OllOs

de aula

ANO I - Nº 8 - Xuño 2013




Revista para as familias do alumnado



Que é un
prexuízo
lingüístico?

Chega
o verán, e
agora que?

Xa están
aquí as
vacacións!



A pregunta

Que é un prexuízo lingüístico?



Responde: Manuel Núñez Singala

[Director do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago]

Un prexuízo, tal e como a palabra xa nos mostra, é un xuízo previo, unha opinión ou unha crítica que se emite antes de ter os coñecementos suficientes para fundamentala. Os prexuízos existiron sempre e seguen existindo hoxe en día, e afectan a todas as persoas, sen distinción de razas, culturas ou clases sociais. Os prexuízos son negativos porque nos impiden comprender a realidade, lévannos a percibir o mundo de xeito distorsionado e falso. Engánannos.

Hai casos moi claros de prexuízos que hoxe en día están máis ou menos superados, como por exemplo a creza na inferioridade dalgúns razas ou dalgúns xéneros. Así,



durante anos a xente pensou que as persoas negras eran inferiores ao resto, e iso propiciou que fosen explotadas e escravizadas. Ou que as mulleres fosen consideradas seres infe-

riores aos homes, e iso axudou a que en moitas ocasións non fosen tidas en conta.

Sobre a lingua galega existen tamén certos prexuízos, algúns moi arraigados no pensamento colectivo, que cómpre desenmascarar. Non hai espazo aquí para facelo. Pero é unha tarefa que cada quen pode levar a cabo de maneira autónoma. Necesitará honradez consigo mesmo, a suficiente como para non querer enganarse. Tamén deberá desconfiar das opinións alleas, mesmo no caso de que parezan maioritarias, que todo o mundo pense dunha forma determinada non implica que iso sexa o correcto. Hai anos “todo o mundo” cría que a terra era plana, e agora sabemos que iso non é así. E deberá informarse, ler, consultar Internet, e se cadra descubrirá que algunhas opinións negativas sobre a lingua galega non teñen fundamento, son falsas, son froito de prexuízos.

As vacacións de verán xa están aquí. Para as crianzas é un momento de ledicia e posibilidades infinitas de divertimento. Porén, para moitas familias supón un incremento da dificultade de coordinar os novos horarios coas responsabilidades laborais, alén de que as tarefas domésticas e os coidados non cesan nunca. Esta situación obriga a reorganizar os tempos e pensar estratexias que sirvan á cohesión familiar e ao divertimento das crianzas sen deixar de lado as responsabilidades derivadas do traballo, tanto remunerado coma doméstico. Para evitar que este proceso derive en frustracións e malestares, é importante considerar certas cuestións:

Chega o verán, e agora que?

Tania Merelas Iglesias

[Educatora social e pedagoga]

1 Corresponsabilidade no fogar e nos coidados. A colaboración e reparto equitativo nas tarefas domésticas e de coidados permite unha mellor organización dos tempos. O mantemento do fogar non é responsabilidade exclusiva das mulleres, senón de todas as persoas que nel conviven, incluídas as máis pequenas e pequenos. É importante educar na corresponsabilidade dende idades temperás, xa que través da participación en pequenas tarefas as nosas fillas e fillos van gañando autonomía persoal e valorando a importancia de coidar(se).

2 Exploración da rede de apoios. A nivel institucional é importante coñecer os recursos, servizos e programas que existen no noso concello, tanto de carácter público coma de iniciativa privada. A concellería ou departamento de educación pode informarnos das actividades programadas para o verán. Igualmente, as bibliotecas municipais e os centros culturais son recursos locais dos que cómpre coñecer a programación, pois adoitan ofrecer alternativas interesantes. No eido privado, o movemento asocia-



tivo da nosa localidade (asociacións de veciñas e veciños, asociacións culturais, clubs deportivos...) tamén é un referente ao que achegarnos. A nivel informal, certas persoas do noso entorno próximo poden botarnos unha man. Avoas e avós asumen esta axuda ao longo do ano, e de forma especial no verán, o cal permite afianzar a súa relación coas nosas fillas e fillos e alimentar un vínculo interxeneracional enriquecedor. Mais a responsabilidade dos coidados e da súa educación non pode ser delegada totalmente en persoas alleas aos proxenitores.

3 Divertimento e aprendizaxe. Na elección das actividades hai que evitar a imposición de criterios adultos e contar coa opinión das crianzas, coñecer os seus intereses e valorar en que medida poden ser satisfeitos. As vacacións non deben ser unha extensión do tempo escolar, polo que debemos equilibrar a presenza do divertimento e das aprendizaxes, evitando sobresaturar as axendas infantís. Xogando tamén se aprende.

4 Tempo e lecer en familia. A creación de espazos e tempos compartidos onde afloren intereses ou *hobbies* dos que poidan participar conxuntamente nais, pais e crianzas favorece a adquisición de aprendizaxes fundamentais e contribúe á cohesión familiar.



{VACACIONS} Despois do “sprint” final de exames e notas, remata o curso. Ou moito me engano, ou durante as vindeiras semanas imos fartarnos de escoitar nos medios de comunicación e nas conversas particulares frases tipo: “Son demasiadas vacacións... Noutros países non é así... A ver que facemos cos nenos...” A estas argumentacións contestamos con datos obxectivos: os días de vacacións de verán en España son practicamente idénticos aos do resto dos países europeos. Só varían, nalgún caso, as datas de inicio ou fin, por motivos climáticos. Os días non lectivos ao longo do curso son tamén moi semellantes, aínda que a distribución si cambia en función das festividades e tradicións de cada zona. E alguén discute a conveniencia do descanso? Non se trata de facer aquí un “eloxio da preguiza”, como Lafargue, pero está claro que os nosos nenos están cada vez máis estresados por xornadas infinitas cheas de actividades escolares e extraescolares. É necesario recuperar a calma e gozar de actividades para as que o ritmo diario non deixa espazo: a lectura, o cine, a música, os deportes... e a conversa. O verdadeiro problema é o axuste dos horarios laborais, cada vez máis esixentes, coa vida familiar. Esa conciliación é moi complexa, e máis este ano, cos recortes en actividades de lecer gratuitas por parte das institucións públicas. Pero non carguemos nos nosos rapaces a responsabilidade da solución. Iso tócalle a outros. Bo verán!



CADENCIAS

Gracia Santorum

Para escoitar

Rosalía pequenaña. Gozar dos poemas de Rosalía grazas á marabillosa voz de Uxía Senlle. En formato álbum, coas alegres ilustracións de Marina Seoane, publicado por Galaxia, achegámonos á nosa poeta con dez poemas adaptados para unha nena que soña ser poeta, rebelde e rebuldeira que chama pola alborada. Unha xoia para escoitar, para ler, para admirar, e para logo profundar na figura máis importante da nosa literatura.



Para primeir@s lector@s

O señor Corpo quiere xogar, de Alicia Borrás Sanjurjo, con tipografía en letras maiúsculas moi apropiada para iniciarse na lectura, descobre en cada páxina unha parte do corpo humano para que o lectorado máis novo adquira novos coñecementos sobre este e saiba algo máis de si mesmo. Ilustrado profusamente por Rodrigo Chao, cada lector novo levará o seu propio ritmo de lectura, grazas á poesía textual que contará as tarefas cotiás ás que cada parte do corpo está destinado.



Para explicar

Montañas na cama é un álbum que publicou OQO con texto de Maricuela e ilustracións de Sonya Wimmer. Un libro que aborda a sexualidade con humor, naturalidade e sensibilidade, posto que por medio de metáforas descubriremos como o amor dos pais se manifesta con tenrura e como, sen evitar a innegable educación que debemos dar aos nosos fillos e fillas, o enfoque desta debe suxeitarse á súa idade e á súa capacidade cognitiva.



Da lingua

A maleta do verán

Vai rematando o curso, e as familias temos que ir pensando no tempo de lecer, nesa pausa estival que debería permitirnos unha convivencia relaxada coas nosas fillas e fillos máis alá das rutinas académicas e da ditadura dos reloxo. Porque as vacacións tamén son imprescindibles desde un punto de vista emocional e educativo, en canto permiten desenvolver outro ritmo de vida e outras experiencias que van máis alá da monotonía dos horarios escolares. É hora, se cadra, de ir “desprogramando” a nosa axenda, de respirar fondo e de preparar unha maleta simbólica, onde caiban soños e ilusións, libros e viaxes, horas de praia e de montaña, bicicletas e táboas de surf, roupa de baño e calzado cómodo, concertos ao aire libre e tardes sen fin diante do mar, coa xente que queremos e nos quere.

E na maleta deste verán, que vos desexamos feliz, non esqueza des levar aquilo que nos distingue e nos fai únicos no mundo: esa lingua que tamén quere saír de vacacións, e acompañarnos nesas horas nas que construímos castelos na praia ou botamos unha soneca á sombra dun carballo.

Porque sería ben triste que gardásemos a nosa como se fose roupa de inverno, como un idioma andá descalzo.

lingua e non que pola

